

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE NENOS CON HIPERACTIVIDADE E DÉFICIT DE ATENCIÓN (ANHIDA CORUÑA) PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar con ANHIDA Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase ANHIDA Coruña dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade no financiamento das actividades que ANHIDA Coruña desenvolverá no exercicio 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

ANHIDA Coruña traballa para poder salvagardar os dereitos das persoas con Trastornos do Neurodesenvolvemento e, en concreto aqueles que presentan un déficit de atención con/sin hiperactividade co fin de facilitar a súa inclusión na sociedade, tentando garantir a comunicación e a colaboración coas distintas entidades públicas e privadas.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ANHIDA Coruña é a única que desenvolve especificamente a súa actividade no ámbito da cidade de Coruña. Polo obxecto e pola especificidade considérase que este programa presenta un carácter de exclusividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

